



# SERRA DA LOBA

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org

26 MARZO 2022

Próxima Ruta:  
**ALTO EUME.**  
23 ABRIL 2022

## DATOS BÁSICOS

Comezo :Ermida de San Vitorio  
Remate: Traloregueiro  
Distancia lineal: 20 km.  
Duración aproximada: 5 horas  
Dificultade: Media.  
Altura Máxima: 718 m.  
Altura Mínima: 510 m.  
Ascenso total: 346 m  
Descenso total: 350 m

Esta ruta de sendeirismo pertence ao Proxecto Mandeo Fluvial. Percorre a Serra da Loba, polos concellos de Aranga, Irixoa e Monfero. Fai fronteira entre as provincias de Lugo e da Coruña, a partir da depresión das Pontes



de García Rodríguez até os nacentes ríos Mandeo e Labrada, que ao tempo a separan da cordal de Montouto.

Esta conformada por rocha granítica de dúas micas, gneis "ollo de sapo", xistos migmáticos e granito intrusivo. Nada máis alcanzar a cume (700 metros) no monte Raño, vese incluso o mar, a ria de Ares e Betanzos. O nome da ruta corresponde co nome SM 03, aínda que nos fixemos algunhas variacións na ruta e corriximos algún que outro defecto que a civilización vai desfecendo. Así por exemplo comezaremos a noso roteiro na ermida de San Vitorio de Cambás, Aranga.

É moi habitual atopar pequenas igrexas ou ermidas erixidas enriba dun castro ou no ámbito das necrópoles megalíticas. Este é o caso da ermida de San Vitorio, construída no medio de Serra da Loba, e nos límites co concello de Monfero.

Capela sen estilo definido, realizada en granito, realizada en granito. Planta de pequenas dimensións, de forma rectangular. Os muros son de cachotaría, con cadeirado nos esquinais.

Conta cun pequeno espazo cuberto ou cabido na parte frontal, sostido por un



muro baixo, sobre o que apoia unha columna de sección cadrada nos extremos e achafranada na parte central. A porta está alintelada e ten gravada unha cruz.



lanceoladas e un pináculo noutro extremo. A luz entra a través dun pequeno van nun lateral da ermida. Dentro atópase San Vitorio, santo milagreiro en honor ao que se celebra o 22 de maio nunha afamada romaría. Cóntase que a ermida e o cruceiro que hai ao lado, foron construídos no ano 1560 por unha persoa devota sen descendencia. Ao morrer deixou no testamento a uns veciños do lugar, o encargo de celebrar cada ano unha romaría no honor a San Vitorio.

É costume botar unha esmola pola xanela do lado sur mentres se lle pide un favor ao santo. Cando enfermaba un porco, tamén era costume, arrincar unha estela da porta da capela e poñela na corte para que favorecera a curación do animal.

Detrás da ermida érguese o CRUCEIRO asentado sobre unha plataforma cuadrangular de dúas bancadas rematado nun pedestal, tamén cuadrangular. A vara posúe unha sección octogonal. No anverso da cruz obsérvase ao cristo crucificado, en baixo relevo. No reverso, a Virxe, igualmente en baixo relevo, en actitude orante. O conxunto está realizado en granito. Próxima á capela atópase a PENA DE ROLDÁN, e nela poden verse as pegadas que deixaron o cabalo e o heroe Roldán, un dos Doce Pares de Francia, sobriño e cabaleiro de Calomagno. Roldán, segundo a lenda, colaborou co apóstolo Santiago e con Carlomagno na expulsión dos mouros míticos do noso país.

Existente un amplo e variado corpus lendario que o sitúa en varias dúcias de lugares de Galicia, sempre asociado a proezas lendarias. Roldán, no imaxinario popular galego, é un xigante, e xigantescas son as pegadas dos seus pés. Cando pasou por Aranga, deixa pegada xigantesca do seu pé enterrada na pedra coma se esta fose de manteiga. O seu cabalo aínda pegou un chimpo ata Pena Ferreira, monte da mesma parroquia pero afastado deste lugar.

Nas paredes deste pórtico e porta, podemos ver tamén outras cruces e inscricións. A cuberta a tres augas con lousas de lousa e tella curva nas arestas. Remátase cunha CRUZ CUMIAL de brazos de remates

